

Opinión P3

Concepción Herrero
VICERREITORA DE
INVESTIGACIÓN
Luís Caparrós Esperante
VICERREITOR DE CULTURA E
COMUNICACIÓN

Reportaxe P4

INFORME DO OBSERVATORIO
OCUPACIONAL

“Aprobado con
nota para a
inserción laboral
dos titulados
coruñeses”

U + Emprendedores P6

Un exemplo do
éxito das spin-off
de base tecnolóxica
nadas na UDC

LambdaStream
SERVIZOS INTERACTIVOS

U + Investigación P7

Luís Barral
VICERREITOR DE FERROL E
RELACIÓN UNIVERSIDADE -
EMPRESA

“Máis da metade
da investigación
en Galicia
a realiza a
Universidade”

Primeiro Plano P8

Fernando
González Laxe
“A Universidade
da Coruña naceu
dun desafío
político”



U + Empresa P10

Coca-Cola ‘made
in’ A Coruña

U + Sociedade P11

Antonio Abril
Abadín
PRESIDENTE DO CONSELLO
SOCIAL DA UDC



U + Centros P12

A Escola Universitaria de
Estudios Empresarias
Unha escola cos
pés na terra

U + Profesionais P13

Susi Bilbao
VICEPRESIDENTA DE GOLDMAN
SACHS INTERNATIONAL

“Saír fora é
fundamental
para medrar e
para probarse a
unha mesma”



U + Actualidade P14

Feira Europea
de Emprego

U + Personaxes P16

Teresa Porto
DIRECTORA DA FUNDACIÓN
CAIXA GALICIA



EDITA:
Universidade da Coruña
COORDINACIÓN, TEXTOS E
FOTOGRAFÍA:
Gabinete de Comunicación
REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
**Servizo de Normalización
Lingüística**
DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño
DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade- Empresa

R/Dr. VÁZQUEZ CABRERA, S/N
CAMPUS DE ESTEIRO
15403 FERROL
TEL. 981 337 400 EXT. 3800
vfrue@udc.es

OTRI: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Servizos de Apoio á Investigación

EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxaisec@udc.es

Observatorio Ocupacional

CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Cultura e Comunicación

Gabinete de Comunicación

REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

Vicerreitoría de Investigación

RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vi@udc.es

Portal de Empleo

[http://www.udc.es/
saee/empregoudc/](http://www.udc.es/saee/empregoudc/)

José María Barja Reitor da Universidade da Coruña



Á Universidade pídeselle cada vez máis. Máis docencia de calidade. Máis investigación. Máis transferencia tecnolóxica. Isto é, máis relación coa sociedade. E deste máis é de onde sae o binomio U+S.

Universidade + Sociedade

Nesta tarefa de unirmos profesionalmente estas dúas comunidades, unha universitaria e outra global, enmárcase esta nova revista, que ten como finalidade establecermos un nexo de unión entre a Universidade da Coruña e a sociedade do seu contorno, nomeadamente o sector produtivo. Cada unha das dúas partes debe achegar o que sabe producir mellor. Nós formamos cidadáns e formamos profesionais con criterio. Contribuímos a formar, en definitiva, sociedade.

No entanto nesta tarefa temos que contar coa colaboración do resto dos sectores implicados. Se a porcentaxe de inserción laboral dos titulados e tituladas da UDC supera en catro puntos a media nacional das universidades españolas é grazas á formación recibida, mais tamén en boa parte

é por mor da boa acollida que teñen os nosos egresados no sector empresarial.

Estamos satisfeitos do conseguido en colaboración coas empresas. Con todo, como persoal docente quedamos tamén ratificados ao coñecer o elevado grao de satisfacción dos nosos titulados coa UDC, que supera en case once puntos porcentuais a media de satisfacción española.

Estamos orgullosos, pero non debemos conformarnos. Temos que seguir avanzando. Somos unha universidade moderna e innovadora, e nesta liña apunta esta revista, realizada coa inestimable colaboración do Consello Social, o órgano da Universidade que visibiliza o contacto coa sociedade.

Queremos darnos a coñecer e tamén coñecer máis o noso contorno. Amosar o que se fai nos campus. A universidade é moito máis que clases, moito máis que laboratorios, moito máis que cultura e moito máis que innovación.

É todo iso, mais como se verá, non é só iso.

Concepción Herrero
Vicerreitora de Investigación

A Universidade como motor cambio

A Universidade é un dos instrumentos fundamentais para o progreso da sociedade. Os retos son cada vez maiores nunha sociedade en que os cambios se producen a unha velocidade vertixinosa. A universidade non só debe adaptarse ás novas situacións senón ser protagonista e motor dos cambios.

Actualmente reconécese a valorización da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación como elementos determinantes do progreso económico e social dos países que os potencian. A investigación, a transferencia de resultados á sociedade e ao sector económico-industrial son obxectivos prioritarios para a Universidade da Coruña. Se non ofrecemos respostas ás demandas da sociedade podémonos afastar definitivamente das pulsións do cambio cultural e social.

A actividade investigadora da Universidade da Coruña foise incrementando dende a súa creación nas distintas ramas do coñecemento e relacionándose especialmente cos temas de maior interese para o noso ámbito nas distintas ramas do coñecemento. Isto levou consigo a un incremento paralelo de relacións coa sociedade a través de empresas e institucións, así como ao desenvolvemento dun Parque Tecnolóxico. O papel do Parque é fundamental para reforzar a actividade investigadora, para ofrecer saídas profesionais aos doutores formados na Universidade, para proxectar a institución na sociedade e para o desenvolvemento das nosas propias empresas de base tecnolóxica. Os centros de innovación tecnolóxica, impulsados pola universidade e situados no ámbito do parque, abren oportunidades de investigación e desenvolvemento e facilitan a conexión coa empresa e o sector público.



Luís Caparrós Esperante
Vicerreitor de Cultura e Comunicación

Avanzada

A pompa e circunstancia, os vetustos himnos, togas e birretes con que as universidades se presentan cada comezo de curso, a penas disimulan unhas necesidades de comunicación, de transmisión das súas singularidades, semellantes ás doutros ámbitos. Dos vellos gabinetes de prensa aos actuais gabinetes de comunicación media unha transformación substancial que, máis aló dos contidos, afecta á concepción sobre o seu lugar social e, máis importante, sobre a visibilidade das universidades e os modos desa visibilidade. No noso caso particular, o valor engadido da tradición, que compartimos de feito todas as universidades con independencia da antigüidade efectiva, non abonda para salvar as demandas máis imperiosas da sociedade actual, que apuntan polo contrario aos valores de avanzada, de punta tecnolóxica, de espazo de sociabilidade aberto á modernidade, de vangarda no cultural e de accesibilidade no deportivo.

Chegados aquí, igual é necesario avisar que non falamos soamente de imaxe, senón que, para sermos medianamente cribles, é dicir, para sermos eficaces na comunicación, cómpre axustarmos imaxe e realidade.

Aí estamos na Universidade da Coruña. Os valores de modernidade e de avanzada que a nosa comunicación institucional transmite

responden a un perfil real. Nacemos como abrocho dunha universidade varias veces centenaria, pero con ese crédito detrás, somos substancialmente unha universidade nova, nova nas infraestruturas dos campus, na idade media do profesorado, nas dotacións, no espírito. Malia a fortaleza e singularidade da nosa parte xurídico-social, das humanidades ou das ciencias da saúde, o perfil máis característico da nosa universidade é tecnolóxico, un campo onde a innovación é esixencia básica e a colaboración co tecido industrial unha razón de ser. Finalmente, estamos no centro da conurbación máis dinámica de Galicia, onde unha poboación de aproximadamente 600.000 habitantes xunto a un sector industrial e financeiro potentes rompen á alza os indicadores socio-económicos. A Universidade da Coruña debe ser, é a punta de lanza desta profunda transformación.

Mais a sociedade, na concepción máis ampla, debe velo, debe asociar a nosa identidade corporativa a eses valores que, como universidade pública e de calidade, lle servimos. Esa é a tarefa que emprendemos desde a área de comunicación e que se expresa na oferta da nosa publicación anual de difusión: avanzada.

En todos, con todos os sentidos.

Observatorio Ocupacional

Aprobado con nota para a inserción laboral dos titulados coruñeses

“Non só están ben formados, tamén acadan unha boa inserción laboral”. Como indicaba o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, na presentación do último informe do Observatorio Ocupacional da UDC, esta é a principal conclusión dun estudo que, por sexto ano consecutivo, vén analizando o acceso ao mercado de traballo dos titulados dos campus coruñeses. Nesta edición, a enquisa realizouse aos graduados no curso 2006-2007, que foron entrevistados entre os meses de agosto e setembro do pasado ano seguindo unha estrita metodoloxía de traballo. Os resultados deixan en moi bo lugar a UDC, xa que as cifras de ocupación dos egresados superan en case catro puntos a media dos titulados no conxunto das universidades españolas. Isto é así grazas ao incremento rexistrado no curso 2006-2007, con respecto ao anterior, que acadou o 4,85% no caso dos homes e o 7% no caso das mulleres.

En concreto, a taxa de ocupación dos titulados é do 75,20% e a das tituladas acadou o 68,66%. Se falamos de taxa de actividade (suma os titulados do curso 2006-2007 que traballan na actualidade e os que están continuando estudos) a porcentaxe aumenta de modo substancial, rozando o 90% nos homes e superando o 86% nas mulleres.

POR TITULACIÓNS

O estudo do Observatorio Ocupacional, coordinado por María Jesús Freire, demostra que non necesariamente hai que estudar unha carreira de ciclo longo para rozar o pleno emprego. Tamén hai titulacións de ciclo curto que acadan altos niveis de ocupación. Encabeza a lista Podoloxía e Enfermería, que se sitúan en torno ao 96%, e Enxeñaría Técnica en Electrónica, con máis do 90%. No caso das titulacións de ciclo longo, o pleno emprego osténtao a Enxeñaría de Camións, Canais e Portos, cunha taxa de ocupación do cen por cen, seguida de Arquitectura, con máis do 94%, e Enxeñaría Naval e Oceánica, con máis do 86%. As carreiras técnicas, polo menos no ciclo longo, perfilanse, por tanto, como as opcións máis seguras para conseguir traballo, pero tamén queda ben situada Economía, con máis do 83%.

SATISFEITOS COA SÚA ELECCIÓN

No estudo tamén se pon de manifesto o elevado grao de satisfacción dos titulados dos campus coruñeses e ferrolán coa súa universidade, xa que máis do 70% se declaran conformes coa carreira escollida, o que os sitúa case once puntos por riba da media española. Máis da metade elixiron os seus estudos por vocación e preto do 30% polas súas saídas profesionais.

MÁIS INGRESOS E MÁIS ESTABILIDADE NO EMPREGO

Outra boa noticia é o incremento dos salarios, que foron aumentando desde o curso 2002-2003, xa que o soldo medio pasou dos 974 euros aos 1.090 euros no curso 2006-2007. Tamén se incrementou a porcentaxe dos graduados que perciben o estrato salarial máis alto (máis de 1.200 euros ao mes), ao pasar do 27% no curso 2003-2004 ao 42% para os que se titularon en 2006-2007. Non obstante, María Jesús Freire, coordinadora do estudo, aclara que no aspecto salarial existen grandes dispersións, xa que existen carreiras, normalmente as de ciclo longo, que concentran o maior tramo de salario, aínda que con excepcións.

Tamén aumentou a contratación indefinida, aínda que o contrato temporal segue a ser a modalidade dominante, seguido dos contratos en prácticas, os indefinidos e os contratos por obra ou servizo. Hai que ter en conta, con todo, que o temporal é o contrato máis frecuente nos primeiros empregos e o indefinido vai gañando terreo e así do 18% que apenas acadou no primeiro emprego, pasa ao 27% no último, entre os enquisados no ano 2008.

A MULLER SEGUE EN DESVANTAXE

As diferenzas de xénero tenden a reducirse, pero á muller aínda lle custa máis atopar traballo, cobra menos e acadou postos menos relevantes. Nas conclusións do estudo precisase que aínda que as mulleres se moven máis para buscar un emprego, os resultados son máis limitados que no caso dos homes. Máis da metade destes cobra máis de 1.200 euros brutos ao mes, fronte ao 32% das mulleres, e se ben elas empezan con vantaxe no que a rango



profesional se refire nos seus primeiros empregos, ao longo dos anos a tendencia vaise equilibrando e ao final son os homes os que acaban alcanzando os postos directivos.


Queda, por tanto, moito camiño por percorrer, pero hai datos que deixan un oco para o optimismo, xa que as grandes diferenzas que existían en canto a salarios entre mulleres e homes na mesma titulación pasaron de roldar o 20% a non superar o 8%. Segue a ser unha cifra considerable, aínda que a autora do informe matiza que, ás veces, na mesma titulación, a muller ocupa postos de menor categoría e traballa menos horas, do cal se desprende a diferenza salarial, que é nula a igual titulación, mesma categoría e mesma carga de traballo.

CARREIRAS CON MAIOR INSERCIÓN LABORAL
(A porcentaxe corresponde a titulados que estaban traballando no momento de realizar a enquisa)

CICLO CURTO:




CICLO LONGO:



71,43%

MEDIA DA TAXA DE OCUPACIÓN NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA





LambdaStream

Un exemplo do éxito das spin-off de base tecnolóxica

Universidade & Sociedade **Blogpaper**



Directorio P2

Opinión P3

Concepción Herrero
Luís Caparrós Esperante

Reportaxe P4-5

Observatorio Ocupacional

U + Emprededores P6

LambdaStream

U + Investigación P7

Luís Barral

Primeiro Plano P8-9

Fernando González Laxe

U + Empresa P10

Coca-Cola 'made
in' A Coruña

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria de
Estudos Empresariais

U + Profesionais P13

Susi Bilbao

U + Actualidade P14-15

Feira Europea de Emprego

U + Personaxes P16

Teresa Porto

Unha das principais ferramentas de relación entre a Universidade e a Empresa é a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación, creada en 1991 co obxectivo fundamental de favorecer as relacións entre os dous sectores, promovendo a transferencia da oferta científico-técnica universitaria ao sector produtivo.

Unha das principais áreas de actuación da OTRI é a posta en marcha de empresas de base tecnolóxica de iniciativa universitaria, que se está consolidando como un mecanismo dinámico de transferencia do coñecemento á sociedade.

As chamadas spin-off de base tecnolóxica inician a súa andaina no chamado viveiro de empresas, situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación, que naceu en outubro de 2004 e conta con sete locais de máis de vinte metros cadrados equipados con acceso á rede de comunicacións. Tamén se poñen a disposición dos emprendedores salas para presentacións e reunións e outros servizos comúns. Desde a posta en marcha deste viveiro xurdiron máis de vinte empresas de base tecnolóxica. Unha delas é LambdaStream Servizos Interactivos, que está plenamente consolidada e acadou unha grande expansión, con filiais internacionais en Dubai ou Zúrich.

Esta empresa xurdiu a partir dos resultados dun proxecto para demostrar a viabilidade dun sistema de distribución de contidos baixo demanda. Hoxe LambdaStream é unha empresa competitiva nova, dedicada á investigación e ao desenvolvemento software para televisión

dixital interactiva, en fase de crecemento e internacionalización. Así, dedícase á comercialización de produtos software e á prestación de servizos vinculados a estes produtos, como o mantemento, soporte ou consultoría en tecnoloxías da información.

Os seus promotores, Miguel Barreiro e Víctor Manuel Gulías, loitaron para gañar a confianza e a credibilidade nos produtos e servizos que prestan a grandes empresas do sector e para profesionalizar a empresa. Hoxe contan con varias empresas asociadas e con clientes dos máis diversos sectores, como Caixa Galicia, Carolina Herrera, Purificación García, EOI ou Xornal de Galicia. Tamén confiaron nos seus servizos diversas administracións públicas como a Xunta de Galicia e distintos concellos ou universidades.


Dado o sector en que traballan, desde a empresa admiten que a crise económica actual lles afecta de xeito especial porque os produtos que se desenvolven e comercializan non son de primeira necesidade. Nos seus inicios, foron tamén moitos os atrancos para financiar os primeiros anos de vida. Pero, grazas a eses esforzos, a consolidación da empresa é unha realidade e, a pesar da crise e da dura competencia das grandes empresas, LambdaStream segue medrando, incorporando novo persoal en I+D+i e avanzando no seu proceso de expansión. Os seus principais acertos foron a elaboración dun bo plano de negocio, o seu investimento en I+D+i e a profesionalización da empresa, así como os aspectos de calidade. Tamén se

esforzaron en seleccionar adecuadamente os partners para acceder aos mercados identificados no plano de negocio e en focalizar a súa actividade nos puntos fortes.

Foi unha empresa que xurdiu na Universidade e os seus responsables valoran de xeito "altamente positivo" o apoio da institución e o papel do viveiro da OTRI, debido á necesidade que existe de contar con espazos e estruturas específicos para fomentar e apoiar a creación de empresas.

Con base nesta experiencia propóñenlle á institución novas ideas, como a posta en marcha dun pequeno equipo profesional dedicado a asesorar as empresas nos aspectos de estudos de mercado, planos de negocio, financiamento ou formación.

**Xurdida na
Universidade, a
empresa acadou
unha grande
expansión con
filiais en Dubai
ou Zurich**





Luís Barral

Vicerrector de Ferrol e Relación Universidade - Empresa

“Máis da metade da investigación en Galicia a realiza a Universidade”

Cal debe ser o papel da universidade no primeiro contacto das persoas tituladas co mundo laboral?

O papel da universidade neste proceso é fundamental e ten que ser moi activo. Xa na etapa dos últimos cursos das carreiras, ten que facer unha oferta ampla de prácticas cunha xestión axeitada a través dos centros e servizos centrais. Por outra banda, cómpre que esta oferta se realice a nivel de Galicia, España e Europa. Todo isto ten que se complementar cun estudo pormenorizado das condicións de acceso ao mercado laboral dos egresados e un servizo de asesoramento para axudarlles a atopar un traballo.

Considera que existe a suficiente interacción entre o ámbito empresarial e a universidade?

Actualmente hai unha boa relación entre o mundo empresarial e a universidade. As universidades realizaron un grande esforzo para se achegaren á empresa e puxeron en marcha diferentes servizos con vistas a facilitar a súa interacción. Con todo, é necesario que as empresas asuman a importancia de colaborar coa universidade para mellorar a súa competitividade.

Cales son as bases da actuación desta vicerreitoría á hora de afrontar as relacións entre a universidade e a empresa?

A UDC creou hai máis de cinco anos unha vicerreitoría específica para promover as relacións entre o ámbito empresarial e a universidade. Puxo a andar o Parque Tecnolóxico, onde grupos de investigación da universidade e de empresas traballan conxuntamente. Dentro do Parque Tecnolóxico promovéronse centros especializados en enxeñaría civil e edificación, no campo das TIC ou en enxeñaría naval e industrial. Ademais, poranse en marcha outros centros no ámbito dos recursos naturais, o téxtil ou das ciencias da saúde.

Cales son os retos na transferencia ás empresas e á sociedade en xeral dos resultados das investigacións que se levan a cabo na universidade?

Cómpre continuarmos con todas estas iniciativas que permiten poñer en valor a investigación que se realiza nas universidades, o que implica un axeitado plan de mercadotecnia e comunicación. Lembremos que en Galicia máis dun 60% da investigación se desenvolve nas universidades. Tampouco debemos esquecer a necesidade de afondar nos modelos mixtos de financiamento público-privado da investigación. A UDC ten un bo nivel investigador, mais onde destaca, moi especialmente polas características das titulacións que se imparten, é na capacidade de traballo con empresas e na transferencia de tecnoloxía.

Como funciona a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación?

Desde a OTRI actualízase permanentemente a oferta da UDC en investigación e ponse en coñecemento das empresas do contorno. Así mesmo, xestionáanse os programas de estruturación comercial dos grupos da UDC, o Viveiro de Empresas, realízanse as xestións de creación de patentes ou rexistros de software, e tamén se ofrece asesoramento na xestión dos proxectos europeos.

Que resultados está a acadar o Viveiro de Empresas da UDC?

Desde a posta en marcha do Viveiro en outubro de 2004 xurdiron máis de vinte empresas de base tecnolóxica. Alén de se lles facilitar un espazo ás empresas, préstaselles asesoramento xurídico, financeiro e formativo, así como a posibilidade de participar no programa conxunto das tres universidades “Empresa-concepto”. A maioría tiveron éxito e encóntranse competindo no mercado. Estes resultados sitúannos no quinto lugar entre as universidades españolas, polo que planificamos duplicar o espazo destinado aos viveiros no futuro centro empresarial do Parque Tecnolóxico.

A Universidade da Coruña conta tamén cun servizo de apoio ao emprendemento e ao emprego. Que tipo de asesoramento presta?

Na área de Orientación Laboral, informamos sobre o acceso ao mercado laboral por conta allea, ofrecendo información sobre como elaborar un currículo, realizar unha entrevista persoal ou facer prácticas. No referente á área de autoemprego, cada ano axuda a constituír máis de vinte empresas. Ademais, este servizo publicou en 2008 a Guía de emprego da UDC, que tivo unha acollida moi boa.

Cal é o perfil ideal da titulada que aspira a atopar un posto de traballo de calidade?

Debe ter coñecementos no seu ámbito, estar acostumada ao traballo en equipo, con capacidade para resolver problemas e tomar decisións, disposta a se desprazar por causa do traballo e –moi importante– con coñecemento doutros idiomas.

Os últimos datos apuntan a que o índice de colocación dos titulados na UDC supera a media estatal. Que factores poden estar incidindo nestes bos resultados?

Pode deberse, por unha parte, á oferta de titulacións da UDC, cun gran compoñente de titulacións tecnolóxicas e da rama xurídico-social. Por outra, ao esforzo que realiza cada centro para ofrecer unha docencia de calidade. De feito, algunhas das titulacións da UDC aparecen sistematicamente entre as mellores do Estado español. Outro factor é a capacidade de atracción que ten a nosa universidade. Moitos dos mellores expedientes do bacharelato elixen para realizar os seus estudos. Os datos do último ano indican que, por nivel de atracción, somos a segunda universidade española. Un último factor é que a área da Coruña-Ferrol é unha das máis desenvolvidas de Galicia, con boas comunicacións, servizos e oferta cultural e deportiva. Isto obríganos a continuar avanzando polo camiño dunha oferta de estudos variada, atractiva e de calidade.



Fernando González Laxe Presidente de Portos do Estado

POR CARMINA ESCRIGAS

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Opinión P3

Concepción Herrero
Luís Caparrós Esperante

Reportaxe P4-5

Observatorio Ocupacional

U + Emprededores P6

LambdaStream

U + Investigación P7

Luís Barral

Primeiro Plano P8-9

Fernando González Laxe

U + Empresa P10

Coca-Cola 'made in' A Coruña

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria de
Estudos Empresariais

U + Profesionais P13

Susi Bilbao

U + Actualidade P14-15

Feira Europea de Emprego

U + Personaxes P16

Teresa Porto

“A Universidade da Coruña naceu dun desafío político”

A traxectoria profesional de Fernando González Laxe (A Coruña, 1952) é tan intensa no ámbito político como no académico. Licenciado en Ciencias Económicas e doutor en Ciencias Económicas e Empresariais, comezou a súa carreira profesional en 1975 como profesor de Estrutura Económica, e posteriormente como catedrático de Economía Aplicada. No ámbito político, asumiu numerosos cargos tanto na súa formación, o Partido Socialista de Galicia, como na Administración, tanto local como autonómica e estatal. Foi concelleiro pola Coruña, primeiro tenente de alcalde, senador, deputado autonómico, director xeral de Ordenación Pesqueira no primeiro mandato de Felipe González e, o que foi un dos seus principais desafíos, presidente do goberno tripartito da Xunta entre os anos 1987 e 1990. Pero en todo ese tempo nunca se afastou da Universidade da Coruña, en que presidía o Instituto Universitario de Estudos Marítimos ata o seu recente nomeamento como presidente de Portos do Estado.

Vostede afirmou cando foi nomeado presidente de Puertos del Estado que afronta esta nova etapa como un desafío e un compromiso con este proxecto político. A frase ben podería remontarse ao ano 1987, cando encabezou o goberno tripartito da Xunta. Parece que lle gustan os retos.

Todas as sociedades avanza cando os seus dirixentes definen e encabezan os retos. Eses desafíos definen distintos plans para mellorar o benestar dos cidadáns e para posicionar os seus territorios. Estes principios débemolos artellar defendendo a cohesión social e garantindo a igualdade de oportunidades. Por tanto, eu non concibo un país sen líderes que encabezen proxectos nun futuro moi próximo. Para min, a nova tarefa á fronte de Portos do Estado será consecuencia do que veño de enunciar. Por iso, entre as misións que vou desenvolver, encóntrase traballar baixo a premisa de que os portos son empresas prestadoras de servizos, ancoradas nun contorno social e económico que debe ser potenciado e que deben funcionar

baixo os postulados da intermodalidade; é dicir, en contacto con outros modos de transporte, para o que son precisas as conexións co ferrocarril e o artellamento co Hinterland. Ademais, os portos deben estar relacionados coas grandes rutas marítimas e, polo tanto, conectados con outros portos a nivel mundial. Finalmente, as actuacións portuarias deben ser consecuentes coas medidas de sustentabilidade medioambiental.

Cantos desafíos máis ten afrontado desde aquel goberno?

Ao abandonar a política activa de primeiro nivel e regresar á Universidade contribuíu a desenvolver o Instituto Universitario de Estudos Marítimos. Nacido a comezos do século, hoxe en día é un centro de referencia nacional e internacional e ten como misión a investigación, a formación, a asesoría e a difusión científica. Vén desenvolvendo un mestrado sobre a xestión portuaria na cidade da Coruña e en Panamá e ten publicado máis de trinta estudos de elevado rigor. Fóra da Universidade, pero vinculado á investigación, vimos de rematar un gran proxecto sobre “Economía de Galicia” que será presentado antes do verán. Trátase dunha grande obra, de cinco tomos, que editará a Editorial Hércules e na que participaron máis de 50 profesores universitarios.

Unha década antes da súa chegada á Xunta comezara a súa carreira como docente. ¿Que recordos conserva daqueles inicios como profesor de Estrutura Económica?

Un rapaz ilusionado e comprometido, cheo de razóns para traballar e loitar arreo por un país. O meu cometido é formar expertos. E sigo afirmando que a educación é o primeiro factor de desenvolvemento dun país, moito máis que as infraestruturas. Só os países con maior formación, cualificación e preparación son os máis desenvolvidos, os que teñen máis liberdade e onde a súa eficiencia é máis elevada.

E as mellores lembranzas como estudante?

Sen ningunha dúbida, os profesores e os meus compañeiros de promoción. Fun un afortunado en ambos os dous casos.



FOTOGRAFÍA CEDIDA POLO DIARIO LA OPINIÓN





A finais dos anos setenta empezou tamén a súa carreira política, primeiro co Partido Socialista Galego e despois co PSdeG-PSOE, a fronte do cal conseguiu os mellores resultados electorais na historia do partido. Algunha receita para os que tomaron o testemuño?

Un bo político é aquel capaz de escoitar, de razoar en conxunto e de adoptar as decisións pertinentes. Asemade, ten que ter a cabeza varios anos por diante do momento actual para dispor daquelas accións que corresponden ao presente. É dicir, ir por diante dos demais. Pero tamén debe ter sensibilidade, ser humilde e non perder a cabeza polos continuos afagos dos aduladores.

A de docente e a de político é unha dobre faceta bastante habitual. É máis difícil convencer ós alumnos que ós votantes?

A ensinanza xunto coa política son as dúas profesións máis bonitas e apaixonantes que existen. Eu son fillo de mestra, por tanto sei moi ben o papel que representa a educación, piar da liberdade e da igualdade. A política, pola súa banda, permite construír e cambiar o mundo, modificar pautas e resolver problemas. Por iso están tan interrelacionadas.

O seu paso pola Administración central tamén destaca no seu currículo, case sempre centrado no sector pesqueiro, en que Galicia é unha potencia. Un consello para sortear a crise?

As crises non se sortean; afróntanse cara a cara. En situacións de recesión e de incerteza son precisas actuacións firmes, serias e consistentes. De nada serve agocharse. Teño experiencia en xestionar crises; por iso, resulta necesario cambiar os estados de ánimo e buscar alicerces que permitan ir resolvendo paseniñamente os atrancos. A miña época en pesca (1982-1985) foi a dos mellores resultados económicos. E a miña fase na Xunta coincide cando Galicia, por vez primeira, medra máis que a media nacional.

Tamén foi concelleiro na Coruña, senador, deputado autonómico... Que Administración lembra como a máis conflitiva, a de maior complexidade?

A máis complexa é aquela en que se combinan moitos elementos. Pero, a fin de contas, cada unha delas é diferente. Para os administrados a súa é a máis importante. O noso cometido é escoitar para dar respostas, pois todas necesitan atención.

E, nesta intensa traxectoria, sempre presente a súa Universidade, como catedrático de Economía Aplicada e como director do Instituto Universitario de Estudos Marítimos. Cal é a súa radiografía sobre o estado actual da institucións universitarias?

Estamos ante unha nova situación: o desafío de Boloña. Non resulta fácil, sobre todo porque iniciamos moi mal o proceso. Agora estamos sendo prisioneiros de certos límites. Confío na comunidade universitaria cara a marcar as estratexias necesarias para poder aplicar a converxencia europea en todos os planos: titulacións, planos de estudo, mobilidade de profesores e de alumnos etc.

Considera que debería estreitarse o lazo entre a Universidade e a empresa?

Debemos formar ós alumnos pensando en que deben posuír unha sólida formación científica e aplicada. As experiencias empresariais e os estudos dos casos singulares deben estar incluídos nos temarios. Resulta imprescindible que os empresarios escoiten ós universitarios e viceversa. A idea final é o funcionamento da triple hélice, conxunción de ideas e actuacións dos tres niveis: universidades, empresas e administracións.

Considera que o Instituto de Estudos Marítimos é un exemplo da transferencia dos resultados da investigación á sociedade?

Ata o momento o Instituto Universitario de Estudos Marítimos é un órgano de investigación, asesoría e de formación. O segundo paso está relacionado coa transferencia tecnolóxica e a cooperación internacional. Pero diso encargárase o novo director, o profesor Antonio Grandío Dopico e a secretaria técnica, Ana López Pampín.

Iniciábamos esta entrevista falando de desafíos, ten pensado xa cal vai ser o próximo?

Regresar á Universidade que contribuíu a crear pois, como ben sabe, a Universidade da Coruña e a de Vigo naceron por unha decisión adoptada pola Xunta de Galicia cando eu a gobernaba. Fíxese ben, traballo nun centro que naceu por un desafío político.

“A educación é o primeiro factor de desenvolvemento dun país, moito máis que as infraestruturas”



Coca-Cola 'made in' A Coruña

“Begano cumpre medio século de vida como unha das principais empresas da cidade en canto motor económico e mais polo seu arraigo coa sociedade”

Cada segundo do día consómense preto de 8.000 refrescos de “The Coca-Cola Company” en todo o mundo. E parte desa inmensa cadea que é a compañía líder do sector está na Coruña, na empresa Begano (Bebidas Gaseosas del Noroeste SA), unha das sete sociedades embotelladoras independentes en España dos produtos baixo as marcas da Compañía Coca-Cola. Alí fábrícanse, véndense e distribúense desde refrescos carbonatados e non-carbonatados até zumes, augas, produtos de nova xeración ou bebidas enerxéticas. Mais para esta cidade Begano é moito máis que unha fábrica. É unha das empresas con maior arraigo entre a sociedade herculina. Non en van, comentaba recentemente un coñecido político que cando era novo pensaba que a cocacola era coruñesa. Situada na entrada da cidade, moi preto do campus universitario, Begano é xa unha imaxe de marca na cidade e tamén un motor económico, xa que cunha produción anual que se achega aos 150 millóns de litros, a súa facturación supera os 185 millóns de euros e conta con preto de 400 traballadores, ademais dos postos indirectos que se xeran, e que rozan a cifra de 1.200. Esta empresa de capital cen por cen español, que traballa única e exclusivamente para o ámbito galego, o que a identifica plenamente cos seus clientes, está de aniversario. Nada menos que medio século de andaina desde a súa fundación en 1959, un período en que Begano foi medrando até acadar máis de 220 referencias, entre os seus diferentes sabores e envases. Tamén se foi incrementando o seu compromiso coa sociedade coruñesa,

en xeral, e coa Universidade da Coruña en particular, a través da súa colaboración en diversas actividades como os concertos nos campus, o día do patrón e outras actividades deportivas e de lecer, así como divulgativas, entre as que salientan as numerosas visitas á fábrica. En concreto, durante este ano en que se cumpre o medio século de vida de Begano, son moi numerosas as actividades e iniciativas emprendidas, caso da creación dun logotipo conmemorativo e dunha botella de edición limitada, así como un vídeo e un libro que recolle a historia de Coca-Cola en Galicia e que se entregou o pasado 6 de xuño na convención do 50 aniversario celebrada no Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña. Boas noticias e celebracións para un momento de crise ao que non é allea a empresa. Desde Begano admiten que un dos sectores aos que máis lle afecta a crise é a hostalaría, polo que si teñen percibido un descenso nas vendas dos produtos. Un obstáculo que están conseguindo salvar grazas a unha suba nas vendas no ámbito doméstico, debido a que o consumidor está a mudar os seus hábitos por mor da actual situación económica.

DA PRODUCCIÓN Á VENDA

A prevenda é o eixo central da actividade comercial de Begano, e da que dependen o tipo de bebida e a cantidade que se debe fabricar, así como o traballo de almacén e a distribución. Esta primeira parte do proceso orienta o ciclo de facturación, baseado nun labor loxístico avanzado e unha tecnoloxía informática de última xeración. Canto á venda, realízase a dous tipos de clientes: canal de alimentación (grandes superficies, centrais de compra etc), e canal de hostalaría. Desde pequenos até grandes clientes, nun complexo proceso que comeza na fábrica e remata nas mans dos miles de consumidores galegos que elixen a marca Coca-Cola para calmaren a súa sede.

HISTORIA

A fábrica de Begano foi proxectada polos arquitectos Andrés Fernández-Albalat e Antonio Tenreiro. A obra está considerada como un dos fitos que marcaron, despois da década dos 50, a reincorporación da arquitectura galega ao movemento moderno. Iniciou a súa actividade empresarial en decembro de 1959. Aquel ano vendéronse na Coruña 25 caixas (600 botellas de 20 centilitros) e os sete empregados que daquela traballaban en Begano organizaron unha festa para o celebraren. Trala construción da fábrica, sucedéronse moitos cambios e en xuño de 1961 saíu a primeira botella producida na planta embotelladora e a capacidade de produción acadou 1.000 litros por hora. Naquela época comezaba a se asentar o produto entre os adultos e os escolares, o que foi un factor clave para o posterior éxito de Coca-Cola en España. Durante as décadas posteriores os avances tanto na área comercial como na industrial conseguiron colocar a empresa, nos inicios do século XXI, como unha competitiva entidade cun montante de investimentos de máis de 30 millóns de euros, unha capacidade de produción de 65.000 envases por hora e novas oficinas e ferramentas de xestión.





Antonio Abril Abadín Presidente do Consello Social da Universidade

“Internacionalizar a Universidade é unha materia pendente da sociedade española”

Antonio Abril Abadín, conselleiro secretario xeral de Inditex, está a punto de acadar o seu primeiro ano á fronte do Consello Social da Universidade da Coruña, que ten como papel fundamental establecer a relación entre a institución académica e a sociedade. Un período en que se reforzou o papel do Consello Social, que se achegou máis á opinión pública, en que se acadou un maior financiamento e se fomentou a contribución da Universidade ao desenvolvemento social e económico.

Un dos grandes retos deste curso é a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Como ve este proceso?

É unha oportunidade que hai que aproveitar. Hai que recoñecer que na implantación de Boloña faltou planificación, debate e transparencia pública. Por iso, vémonos obrigados agora a actuar con certa precipitación non desexable. Non obstante, se levamos a cabo o proceso de xeito axeitado, as vantaxes para a universidade española serán evidentes. Boloña mellorará a calidade do ensino, traerá un maior achegamento á sociedade e fomentará a internacionalización da nosa universidade, o que constitúe unha das materias pendentes da sociedade española. Desde que cheguei á presidencia, o Consello Social deu o visto e prace á conversión en graos de 24 titulacións existentes. Estase a cumprir o calendario con calidade e rigor. Aínda que nos supoñerá un esforzo especial, estou seguro de que para o curso 2010-2011 teremos totalmente adaptado o noso sistema ao espazo europeo.

Un dos obxectivos dos consellos sociais é achegar a universidade á sociedade. Pensa que se está cumprindo?

Interrelacionar universidade e empresa redundará nunha dotación económica e financeira suficiente para que a

Universidade poida ofrecer un servizo público de educación de calidade e contribuír eficazmente ao desenvolvemento económico, social e cultural da sociedade. Trátase dun obxectivo bidireccional que ten aínda un inmenso percorrido. Estase a traballar na dirección axeitada, pero é necesario insistir en mecanismos de colaboración como o financiamento empresarial da actividade universitaria, os centros de transferencia de resultados da investigación, as licenzas de patentes, a promoción de empresas de base tecnolóxica ou as spin-offs, así como a mobilidade dos investigadores. Pero, ademais, hai que impulsar a vocación empresarial e mellorar a calidade.

Cal é a fórmula para logralo?

A universidade ten que achegar a súa formación en aptitudes axustadas ás necesidades reais da sociedade, sobre todo neses trazos intanxibles pero esenciais que definen o empresario. O carisma, a habilidade para detectar oportunidades, o afán promotor de novas iniciativas, a capacidade para asumir riscos... Limitándonos ás competencias xenéricas, as empresas consideran axeitadas as que subministra a universidade, pero, en canto pasamos a analizar as aptitudes, empezan xa a cuestionar a universidade na formación en áreas esenciais como a toma de decisións, a responsabilidade, a resolución de problemas ou o compromiso ético.

Unha das críticas que se lle fan ao novo modelo educativo é o risco de que a universidade se “mercantilice”?

Boloña nace como reacción á maior eficiencia das universidades americanas. No sistema anglosaxón, as empresas valoran tanto a universidade que financian dúas terceiras partes dos seus orzamentos. Na Europa continental esa porcentaxe apenas chega ao 20%. A actual crise económica require que a capacidade xeradora de coñecemento e investigación que caracteriza as universidades se constitúa en auténtico motor económico e social. Iso só se pode conseguir articulando os mecanismos axeitados para transferir os resultados ás empresas e que estas os poñan en valor creando emprego e riqueza social. Pero este achegamento respecta escrupulosamente o principio de que o ensino superior é un servizo público. Moi ao contrario dos que lle imputan un risco de

“mercantilización”, en realidade redonda nunha mellora da calidade do ensino. Non se trata de que as empresas fagan os planos de estudos, senón de que acheguen voz e financiamento para que a universidade sirva mellor a sociedade.

Sería conveniente que unha Administración pública adoptase modelos de xestión profesionais?

Sería un erro xestionar as universidades públicas como se fosen empresas, pero si é lícito pedir que se xestionen eficientemente, que sexan competitivas e que adapten as súas titulacións á demanda social. Para iso é necesario profesionalizar a xestión. A mellora do goberno universitario é un tema que se ten que tratar se realmente aspiramos a unha universidade española excelente.

Pensa que a crise económica actual lle afectará dalgunha maneira á universidade?

Un dos poucos efectos positivos da crise é que revalida o papel das universidades como axentes indispensables do cambio a un novo modelo produtivo baseado no coñecemento. Pero non cabe dúbida de que a crise nos obriga a aplicar criterios de maior austeridade e eficiencia económica.

Cal é o papel do Consello Social nesta misión?

Ao Consello Social correspóndelle a aprobación dos orzamentos e o impulso do financiamento da universidade. O orzamento para 2009 ascende a 137,8 millóns de euros, o que supón un crecemento do 8,7%. Este aumento só puido ser posible grazas a unha política de rigor orzamentario en exercicios anteriores, que permitiu aplicar recursos propios dispoñibles. Se queremos que a nosa universidade poida facer fronte con solvencia aos próximos retos será necesario realizar importantes investimentos en recursos humanos e en infraestruturas, onde existe un déficit histórico.



Escola Universitaria de Estudos Empresariais Unha escola cos pés na terra

A diplomatura en Estudos Empresariais da Coruña, un título con soleira que xa acadou a súa conversión a grao

Un título con soleira avalado por máis de medio século de historia e lucindo nos despachos de moitos pesos pesados do sector, cunha capacidade de adaptación que demostran os numerosos esforzos que deron como froito a súa conversión a grao, única ata o momento en Galicia. Con aspiracións realistas no seu programa de estudos, baseado nas peculiares características do tecido social e económico galego. E, o máis importante de todo, cun alumnado fiel que a ergueu ao alto do podio das carreiras máis demandadas da comunidade.

A Escola Universitaria de Estudos Empresariais, o centro máis antigo da Universidade da Coruña, pasou por diferentes denominacións desde que hai máis de cincuenta anos, en 1953, se promulgase a lei que regulaba os estudos comerciais, que se remontan a fins do século XIX, elevándose a rango de estudos superiores. Aquela Escola de Comercio, en que se formaron tantos empresarios, algúns deles moi destacados, integrouse no sistema universitario no ano 1970 e o seu arraigo na cidade seguiu medrando ata converterse no segundo centro con maior número de alumnado de primeira matriculación en todos os campus de Galicia. Sitúase por detrás de Medicina, pero co mérito engadido, ao contrario do que ocorre con esta carreira sanitaria, de que a Escola de Empresariais comparte titulación con Lugo, Ourense e Vigo.

Se hai uns cantos anos foron destacados empresarios e financeiros como o director xeral de Caixa Galicia, José Luis Méndez, ou o presidente do BBVA, Francisco González, os que elixiron a Escola de Comercio para formarse nos inicios das súas frutíferas carreiras, detrás da decisión dos centos de estudantes que cada ano se matriculan na Escola de Empresariais está a atractiva oferta do plano de estudos.

O programa de materias é, para a directora do centro, Pilar Uriz, o segredo do "tírón" que está a experimentar esta titulación. "Ofértanse unhas materias moi atractivas para o tecido empresarial galego, que se centran moito na contabilidade e na fiscalidade, o cal é moi importante para as pequenas e medianas empresas", indica Uriz, para engadir que "a aplicabilidade dos conceptos e a formulación práctica da formación inflúen bastante na demanda". En definitiva, que nunha comunidade en que o 95% das empresas son Pemes, o que demandan os futuros profesionais, máis alá da gran formación teórica, é aprender a xestionar unha pequena ou mediana empresa. A chegar máis a universidade á empresa é precisamente un dos obxectivos que persegue a conversión da diplomatura a Grao en Ciencias Empresariais, dentro do proceso de converxencia europea da educación superior. Unha cruzada en que a Escola de Estudos Empresariais da Coruña leva loitando meses, co fin de conseguir a aprobación da proposta por parte da Consellería de Educación, da ANECA (Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación) e finalmente do Consello Galego de Universidades. A escola coruñesa é a única de Galicia que fixo esta proposta para iniciar a titulación de grao o próximo curso, co que, de non se producir un cambio de opinión no resto dos campus galegos, converteríase na única escola de toda a comunidade que tería garantida a supervivencia do título.

"A Universidade da Coruña apostou por esa transformación, coa que conseguiremos que os alumnos obteñan máis competencias e habilidades que coa diplomatura", precisa a directora do centro, que lembra que a nova titulación será "de máis nivel, con máis competencias, como acceso a oposicións e con posibilidades de atopar postos de traballo de maior cualificación".

DA DIPLOMATURA AO GRAO

Todas as titulacións actuais teñen un período de vixencia limitado e no curso 2010-2011 terán que estar transformadas en grao para non desaparecer. No caso da Escola de Empresariais, a diplomatura e o grao permanecerán convivindo tres cursos. O centro dispuxo un plano de adaptación para pasar dos estudos de diplomatura xa comezados aos de grao e os alumnos terán liberdade para elixir. Ademais, a Escola conta con dous mestrados propios: Banca e Finanzas e Xestión e Políticas Públicas, que teñen moito éxito entre o alumnado, xa que arredor do 60 por cento dos alumnos son diplomados en Empresariais da Coruña. Ademais, a escola programa poñer en marcha un novo mestrado orientado á fiscalidade e á contabilidade. Con respecto á adaptación ao grao, o novo edificio que alberga a Escola de Empresariais tamén terá que ir adaptándose ás necesidades, xa que a nova titulación está moi centrada nas clases prácticas a grupos reducidos. Tamén se rebaixará o número de alumnos, que roldará os 240 en primeira matriculación, mentres que actualmente a cifra supera os 260.

FICHA TÉCNICA

Escola Universitaria de Estudos Empresariais

Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel. 981 167 000
<http://www.udc.es/dep/empr/>

DIRECTORA: **Pilar Uriz Tomé**
Nº TOTAL ALUMNOS (CURSO 2008/2009): **1.176**
FORMACIÓN: Técnicas de xestión, comercialización, finanzas e contabilidade. Inclúense coñecementos para a organización de empresas, economía, fiscalidade e informática.





Susi Bilbao

Licenciada en Económicas na Universidade da Coruña e na actualidade Vicepresident de Goldman Sachs International, en Londres

“Saír fóra é fundamental para medrar e para probarse a unha mesma”

Susi Bilbao obtivo a licenciatura en Económicas en 1997. As súas boas cualificacións e as ganas de aumentar os seus coñecementos levárona a estudar no Reino Unido durante un ano e a probar sorte no mercado laboral noutro país. Os resultados, á vista están.

Que lembranzas recorda con máis cariño da súa época como universitaria?

Gardo moi bo recordo dos meus compañeiros de clase, había moi bo ambiente.

Que lle achegou, principalmente, o seu paso pola Universidade da Coruña a nivel persoal?

Deume a oportunidade de coñecer xente moi diferente, viña dun círculo bastante pechado e abríume os ollos a un mundo moito máis amplo. En certa forma, ao estudar tan preto da casa tamén alimentou as miñas ansias por pasar certo tempo fóra.

E a nivel académico e profesional?

O máis importante é que me licencié e con boas cualificacións, o cal me permitiu facer moitas cousas e chegar a onde estou.

Estudaría de novo a mesma carreira na mesma universidade?

Esta é unha pregunta moi difícil. Sempre hai cousas que che gustaría ter feito, pero mirado todo en conxunto creo que si. Cada peza contribuíu a onde estou agora profesionalmente, co cal estou moi satisfeita.

Cando rematan a carreira, moitos estudantes atópanse nun limbo antes do seu acceso ao mercado laboral en que, en ocasións, se senten perdidos. Como foi a súa experiencia naquel momento?

Despois de cinco anos estudando tan preto da casa tiña claro que quería, antes de incorporarme ao mercado laboral, enriquecerme a nivel persoal e académico estudando fóra un ano. Quizais tamén era unha desculpa perfecta para aclarar as ideas, non é sinxelo nin frecuente ter as ideas completamente claras cando se remata unha licenciatura, especialmente algo como Económicas, en que as posibilidades son tan variadas. Así que a curiosidade puido co medo. Fun cunha bolsa de Caixa Galicia a unha universidade inglesa onde completei a miña formación con moi bos resultados académicos.

Parécelle importante a formación de posgrao con vistas a un mellor acceso ao mercado laboral?

Si, de feito foi a ruta que eu decidín seguir. Depende en gran medida das aspiracións profesionais que cada un teña. Eu quería traballar un tempo no estranxeiro e sabía que para iso ou polo menos para o facer cun bo traballo, necesitaba estudos de posgrao e certa internacionalidade. Non foi unha decisión doada deixar a familia, os amigos, seguir estudando outro ano... Pero como din os ingleses, “it has paid off”.

Vostede acadou un posto de alta dirección nunha importante multinacional. Cando estudaba a súa carreira pensaba que ía chegar tan alto?

Non, estaba chea de dúbidas como lle ocorre a todo o mundo. Non perseguín especificamente o traballo nin a posición que agora teño, senón que unha cousa levou a outra. O máis importante é atopar algo que che guste e en que esteas disposta a investir tempo.

Tivo que facer moitos sacrificios para chegar a onde está?

Tiven que facer algún sacrificio, nada que doese demasiado, máis ben foi en termos de horas e dedicación persoal, pero facendo algo co que sempre gocei. Por ese motivo non me pareceu excesivo o sacrificio, síntome unha afortunada.

Considera que os estudantes deberían ampliar fronteiras e mirar cara a Europa á hora de afrontar o seu futuro laboral?

Desde logo, a flexibilidade e mobilidade son moi importantes e cada día máis para conseguir un emprego.

Está de acordo coa tan recorrente polémica da fuxida de cerebros?, pensa que é necesario marchar para triunfar nalgunhas profesións?

Nalgúns casos si, pero non para triunfar senón para medrar e probarse a un mesmo. Perdes o medo e faste máis forte. O éxito, polo menos como eu o vexo, está moi relacionado coa confianza nunha mesma, que tampouco ten que ver coa arrogancia, senón con vivir diferentes cousas e en diferentes mundos, poñerte a proba moitas veces.

Considera que a Universidade da Coruña está a facer esforzos para intensificar a relación entre a institución académica e a empresa?

Non estou segura de cales son os programas dispoñibles na actualidade. Do que non teño dúbida é de que é moi necesario, os estudantes teñen que perder o medo a achegarse ao mercado laboral, e iso pasa por ter oportunidades e posibilidades máis preto e máis claras.

Podería chegar a entrar nos seus plans volver a Galicia se lle fixesen unha boa oferta?

Si, non é algo que descarte para nada. Se hai algo que aprendín traballando estes anos é a manter opcións sempre abertas e a non descartar nada de entrada. Hai que ser flexibles e analizar cada oportunidade que se nos ofrece. Non hai malas oportunidades, senón oportunidades que non cadran co noso plan de vida e de traballo.



A Feira Europea de Emprego reunirá en outubro a miles de estudantes en busca de oportunidades para atopar traballo

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

Opinión P3

Concepción Herrero
Luís Caparrós Esperante

Reportaxe P4-5

Observatorio Ocupacional

U + Emprededores P6

LambdaStream

U + Investigación P7

Luís Barral

Primeiro Plano P8-9

Fernando González Laxe

U + Empresa P10

Coca-Cola 'made in' A Coruña

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria de
Estudos Empresariais

U + Profesionais P13

Susi Bilbao

U + Actualidade P14-15

Feira Europea de Emprego

U + Personaxes P16

Teresa Porto

Tras o éxito da pasada edición, os días 28 e 29 de outubro celebrarase no campus de Elviña a II Feira Europea do Emprego, unha iniciativa da UDC que conta coa colaboración da Deputación da Coruña e que ten como obxectivo promover o encontro directo da Universidade e os seus estudantes cos emprendedores mozos e as empresas e as institucións relacionadas co emprego, no marco dunha dimensión europea do mercado e da mobilidade laboral. Por esta feira, pioneira na comunidade galega, pasaron na pasada edición máis de 5.000 estudantes e presentáronse nas casetas participantes arredor de 2.000 currículos. As persoas asistentes puideron recoller información útil para a busca de emprego, sobre as necesidades futuras de formación e as tendencias no mercado laboral e a cultura do emprendemento.

Ademais, ante a excelente resposta do tecido empresarial na primeira edición, a organización da feira ofrécelles ás empresas un papel máis activo, xa que poderán difundir os perfís requiridos e as súas necesidades de recursos humanos. Como anticipo, o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, Luis Barral, adiantaba na presentación destas xornadas que o que máis valoran as empresas nos aspirantes a un posto laboral é que coñezan o sector en que queren traballar, que estean afeitos a traballar en equipo, que saiban resolver problemas e tomar decisións e que coñezan idiomas.

Ademais de a estudantes universitarios, esta feira dará cabida aos estudantes de formación profesional, dado o interese mostrado por este colectivo na pasada edición e tamén se incorpora como novidade o "Café Negocios", un espazo para que as empresas poidan realizar encontros e identificar novas liñas de negocio. Na pasada edición participaron un total de 31 entidades, pertencentes aos

sectores máis diversos, desde bancos ata asesorías financeiras e fiscais, grandes compañías téxtiles, eléctricas ou informáticas, bufetes de avogados, empresas de telecomunicacións etc.

As persoas interesados nestes encontros poderán atopar máis información no



síto web www.feirauropeadeemprego.eu. A través desta páxina de xestión e difusión do evento poderanse coñecer as empresas participantes e as súas ofertas de emprego ou de prácticas, coa posibilidade de que as persoas interesadas introduzan o seu currículo.





Opcións para os que queren seguir mellorando os seus coñecementos durante as vacacións

A Universidade da Coruña convocou diferentes cursos de verán para este ano, coas temáticas e contidos máis diversos, que van desde dereito e relacións laborais ata divulgación científica, historia, arquitectura, socioloxía ou lingüística. A duración dos cursos está entre as 15 horas e as 30 horas e todos eles teñen concedido un ou dous créditos de libre elección. As xornadas realizaranse nos campus da Coruña e de Ferrol, así como no Pazo da Cultura do Concello de Carballo e en Allariz.

A maioría dos cursos desenvolverase no mes de xullo, pero tamén celebraranse algúns destes encontros en setembro. Entre os temas a tratar figuran aplicacións profesionais como a divulgación científica na sociedade, co obxectivo de aproximar o mundo dos medios de comunicación e os investigadores, así como análises sobre o mercado de traballo e a incorporación da muller ao mercado laboral, o sector turístico no novo contexto económico e social ou as actitudes construtivas ante a crise actual. Tamén se analizarán temas como o Estatuto de Autonomía, a Guerra Civil, ou a literatura de raíces africanas.

As persoas interesadas poderán solicitar máis información na páxina web da UDC (www.udc.es) ou nas facultades e escolas en que se impartirán estes cursos.

CURSOS XUÑO

29 e 30 de xuño
Políticas Migratorias en Tempo de Crise
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA CORUÑA

30 de xuño a 2 de xullo
II Curso de Divulgación Científica na Sociedade
REITORÍA DA UDC

29 de xuño a 3 de xullo
Mercado de Traballo e Muller: Un Camiño por Percorrer
ESCOLAS DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA E DE FERROL

CURSOS XULLO

6 e 7 de xullo
Tendencias e Perspectivas no Sector Turismo no Novo Contexto Económico-Social
FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. CAMPUS DE ELVIÑA

9 de xullo
Máis Alá da Culpa. Actitudes Construtivas para unha Crise
ESCOLA DE ARQUITECTURA

8 e 9 de xullo
O Xénero, a Constitución e o Estatuto de Autonomía
FACULTADE DE DEREITO

15 a 17 de xullo
Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
PAZO DA CULTURA DE CARBALLO

20 a 24 de xullo
Vivenda e Espazos de Relación nos Núcleos Tradicionais de Galicia
CONCELLO DE ALLARIZ

20 de xullo
Política Social Europea e Inclusión Social
REITORÍA DA MAESTRANZA

21 a 23 de xullo
XII Curso de Verán de Pensamento Carlos Gurméndez: **A Guerra Civil, o difícil exercicio de reconstruíla**
CONVENTO DE SANTO AGOSTIÑO EN PONTEDEUME

27 e o 28 de xullo
O Camiño de volta. As raíces africanas: literatura, ADN e xenealoxía.
REITORÍA DA MAESTRANZA

CURSOS SETEMBRO

23 a 25 de setembro
O Plano Director no Proxecto de Conservación.
ESCOLA DE ARQUITECTURA

O primeiro contacto universitario dos nenos, os benxamíns dos campus, grazas aos campamentos de verán

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación convocou a segunda edición dos Campamentos Campus Xuño+Xullo, destinados a rapaces e rapazas de 4 a 12 anos, para que poidan divertirse aprendendo este verán mentres os seus pais traballan. As actividades abranguen desde idiomas ata deportes ou actividades plásticas, xogos, danza etc. Os campamentos desenvolveranse na Coruña e en Ferrol. No campus de Ferrol, os rapaces poderán aprender inglés, introdución á lingua francesa, coreografías e danzas do mundo, ou realizar

experimentos científicos, participar en obradoiros medioambientais e de lectura, así como realizar actividades plásticas. Este campamento, que tamén se desenvolverá en Elviña, terá lugar no mes de xullo e está destinado a rapaces de 4 a 12 anos. Tamén no campus coruñés, os nenos de 6 a 12 anos poderán participar en campamentos multideportivos, con actividades como escalada, tiro con arco, fútbol sala, balonmán, voleibol, baloncesto ou xogos tradicionais. As actividades inclúen comida opcional e teñen un amplo horario e varias quendas durante os meses de xuño e xullo.



Teresa Porto

Directora da Fundación Caixa Galicia

“Con traballo e constancia todo é posible”

O mellor recordo universitario.
Os primeiros días na facultade. Vivinos con moitísima intensidade, polo diferente que era todo respecto ao colexio (as aulas, os profesores).

O/a profesor/a que máis a marcou (na escola/instituto/universidade). Por que?
Un de Economía, que explicaba dunha forma tan amena e didáctica que conseguíu que os de letras entendésemos a materia.

A súa materia pendente.
A licenciatura en Xornalismo.

A viaxe de fin de curso que lle gustaría ter feito.
Visitar Xordania.

Un fito cultural.
A chegada do ‘Guernica’ de Picasso a España.

A principal lección que lle deron.
Que con traballo e constancia todo é posible, incluso a materia máis difícil.

O mellor consello que recibiu.
En calquera situación é bo deixar sempre unha porta aberta.

O mellor consello que daría.
O mesmo.

Quixo que a tragase a terra cando...
Quedei en branco nun exame oral!

O logro de que se sente máis orgullosa.
Realizar o lanzamento de varios produtos que hoxe en día seguen a ser líderes no mercado.

O seu maior reto cumprido na Fundación Caixa Galicia.
A posta en marcha das sedes da Fundación en Ferrol e na Coruña, dous espazos que hoxe son centros culturais determinantes para a sociedade galega.



O seu ben máis prezado.
A miña familia.